

# **Manifesto... "QUILÓMETROS DE SOLIDARIEDADE"**

## **VOZ ALUMNA - VOZ ALUMNO**

Bos días, benvidos e benvidas:

Hoxe, 20 de novembro é o Día Internacional dos dereitos do neno e da nena.

É unha data que nos fai recordar que as nenas e os nenos teñen o dereito a ser educados, coidados e protexidos onde queira que nazan.

¡E é máis!, son persoas que teñen o dereito a divertirse, a aprender e a expresarse; todos e todas teñen o dereito de ir á escola, a recibir coidados médicos, e a alimentarse para garantir o seu desenvolvemento en todos os aspectos.

A ONG Save The Children convocanos a participar na XI Carreira Quilómetros de Solidariedade para conseguir recursos e axudar aos miles de nenos e nenas de MALÍ.

Estamos aquí para facer unha carreira de sentimentos e percorrer entre todos os 2.800 quilómetros simbólicos que nos separan deles.

Pensade que coas nosas zancadas e as dos miles de escolares que participan en toda España viaxarán para MALÍ: 5.000 novas aulas e 75.000 kits en material escolar, 20.000 plazas en comedores escolares, 800.000 revisións médicas, alimentos para 5.000 familias e para 30.000 menores de 5 anos, programas de sensibilización e protección da infancia...; entre outras accións que fará a ONG coa que colaboramos.

**"TODOS TEMOS QUE CRECER", / "TODAS TEMOS QUE CRECER".  
REESCRIBAMOS O FUTURO / TODOS OS QUILÓMETROS SUMAN...,**

**¡A POR ELES!.**